

Programación didáctica

Primeira Lingua Estranxeira Inglés

Ensinanza secundaria para persoas adultas

Ámbito da Comunicación

Módulo 3

Departamento de Inglés IES Armando Cotarelo Valledor

Curso 2024/25

Centro educativo:	Código Centro:	Concello:	Ano académico:
IES Armando Cotarelo Valledor	36019669	Vilagarcía de Arousa	2024/2025

Ensinanza:	Área/materia/ámbito:	Curso:
ESA	1ª Lingua Estranxeira Inglés - Ámbito Comunicativo	Módulo 3

Sesións semanais:	Sesións anuais:	Réxime:
2	38	Adultos

Contido:

1. Introducción	1
2.1. Obxectivos xerais, obxectivos específicos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	2
2.2. Relación dos obxectivos específicos da materia e as competencias clave	6
3.1. Relación de unidades didácticas e distribución do currículo	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18

1.Introdución:

A aprendizaxe de linguas estranxeiras contribúe de maneira moi significativa ao desenvolvemento persoal e profesional do alumnado, permitíndolle coñecer novas culturas e ampliar os seus horizontes, comunicarse con xentes doutros países e acceder a novas fontes de información.

Actualmente vivimos nun mundo globalizado, no que inglés é a *lingua franca* nos ámbitos empresarial e académico, o seu dominio é unha necesidade para todas as persoas que non desexen ver severamente minguadas as súas oportunidades de desenvolvemento académico e profesional por unha competencia comunicativa insuficiente nesta lingua.

Como parte da Unión Europea, temos que recoñecer o papel clave das linguas estranxeiras na construción dunha identidade europea plurilingüe e multicultural. O Consello de Europa promove o desenvolvemento da competencia comunicativa en linguas estranxeiras como contribución ao desenvolvemento da idea de cidadanía europea. A este fin, no ano 2001 publicou o *Marco común europeo de referencia para as linguas* (MCER) (CE 2001), que define unha metodoloxía común para a aprendizaxe, ensino e avaliación da competencia nas diferentes linguas, adoptada amplamente por institucións públicas e privadas responsables do ensino e da certificación de competencias en linguas estranxeiras.

Esta programación está elaborada conforme ás directrices da ORDE do 2 de outubro de 2024 pola que se regula a educación básica para persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Obxectivos xerais do ámbito, obxectivos específicos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias:

Obxectivos xerais do ámbito

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal, interpretándoas cunha actitude crítica e aplicando a súa comprensión a novas situacións de aprendizaxe.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitir os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o

desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Obxectivos específicos na materia de lingua-estranxeira

OBX4. Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.

OBX5. Apreciar e respectar a diversidade lingüística e cultural a partir das tres linguas do ámbito como fonte de enriquecemento persoal, identificando e valorando diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas para favorecer a reflexión lingüística, combater estereotipos e prexuízos, valorar a diversidade e crear vínculos socioafectivos coas linguas

OBX6. Comprender e interpretar, en lingua estranxeira, o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos sinxelos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas cotiáns.

OBX7. Producir, en lingua estranxeira, textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos cotiáns.

OBX8. Interactuar en lingua estranxeira con outras persoas con crecente autonomía, usando expresións sinxelas e estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos cotiáns en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.

OBX9. Mediar en situacións cotiáns entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.

Contribución ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística (CCL)

A adquisición desta competencia debe favorecer a aprendizaxe de habilidades comunicativas por parte do de alumnado adulto que serán necesarios para a súa inserción social e laboral. A educación relacionada coa lingua e a comunicación só se pode conseguir dende a perspectiva dun enfoque integrador da linguas, xa que hai toda unha serie de aprendizaxes comúns transferibles, como o aspectos relacionados coa competencia pragmática, a competencia textual, a construción de conceptos sobre o funcionamento das linguas ou o desenvolvemento de actitudes positivas de natureza lingüística.

Contribución ao desenvolvemento da competencia plurilingüe (CP)

Traballarase para que o alumnado sexa capaz de usar varias linguas (lingua castelá, lingua galega e lingua inglesa) dunha maneira eficaz e integradora para que teña lugar unha aprendizaxe significativa e use as tres lingua cun obxectivo claro, comunicarse. O alumnado debe aproveitar as experiencias propias para levar a cabo estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre as linguas.

Contribución ao desenvolvemento da competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).

Conséguese mediante o bo desenvolvemento da actividade comunicativa xa que favorece e axuda a mellora da adquisición de coñecementos. Polo tanto, unha adecuada comprensión lectora e fluidez verbal son polo tanto, elementos importantes na resolución de problemas matemáticos.

Contribución ao desenvolvemento da competencia dixital (CD)

Esta área contribúe á competencia dixital proporcionando coñecementos e habilidades para buscar, obter e procesar a información, así como utilízala de forma crítica e sistemática, avaliando a súa relevancia e incorporando as tecnoloxías da información e da comunicación ao proceso docente e aprendizaxe.

Contribución ao desenvolvemento da competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

Favorécese porque o coñecemento da lingua propia e de linguas estranxeiras permite comunicación con outras persoas desde o respecto polas opinións dos demais e a consideración positiva das variacións culturais. Por outra banda, realízase grazas ao feito de que a linguaxe permite aos estudantes construír o seu coñecemento a través lingua e para comunicar as súas experiencias de aprendizaxe favorecendo a autoavaliación e integrando o que emocional e social.

Contribución ao desenvolvemento da competencia cidadá (CC).

Traballando o desenvolvemento desta competencia, o alumnado poderá ecerver unha cidadanía responsable e terá as ferramentas necesarias para participar plenamente na vida social e cívica , baseándose na comprensión de conceptos e estruturas sociais, económicas, xurídicas y políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e o compromiso activo coa sostenibilidade.

Contribución ao desenvolvemento da competencia emprendedora (CE).

Esta área contribúe á adquisición do sentido da iniciativa e do espírito emprendedor no ámbito construción de estratexias, na toma de decisións, na comunicación de proxectos persoais e na base da autonomía persoal.

Contribución ao desenvolvemento da competencia en conciencia e expresións culturais (CE).

O estudo da lingua favorece o desenvolvemento desta competencia na medida en que se fai ferramenta fundamental na realización, expresión creativa e valoración das obras en diferentes medios e modos artísticos.

2.2. Relación dos obxectivos específicos da materia e as competencias clave

A continuación detállase a relación entre os obxectivos específicos da materia de lingua estranxeira-inglés e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Competencias clave								
Obxectivos da materia	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4		2	1	2	1,5			
OBX5	5	3			1,3	3		1
OBX6	2,3	1,2	1	1	5			2
OBX7	1	1,2	1	2	5		1	3
OBX8	5	1,2	1	3	3	3		
OBX9	5	1,2,3	1		1,3	1,3		1

3.1. Relación de unidades didácticas e distribución do currículo

UD	Título	Descrición	% peso materia	Nº de sesións	1º cuatrimestre
1	Nice to Meet You	Léxico: países e nacionalidades; números cardinais e ordinais; traballos. Gramática: to be; plural de substantivos; demostrativos. CE: perfís de traballo e anuncios de traballo. CO: conversacións coloquiais. EO: introdución; información persoal; entrevistas. EE: tarxeta e perfil de traballo.	20%	7	x
2	Meet my Family	Léxico: a familia; adxectivos. Gramática: Saxon Genitive; determinantes posesivos; have got. CE: email; reseña de TV. CO: descrición de persoas. EO: falar da familia e sobre un mesmo; describir unha fotografía. EE: describir a un familiar.	20%	7	x
3	Time to Eat	Léxico: comida; bebida; almorzos; hora. Gramática: nomes contables e incontables; some/any; there is/there are; how much/how many. CE: páxina web sobre un restaurante; artigo de revista. CO: pedir comida. EO: pedir comida ou bebida nun restaurante. EE: describir unha comida/restaurante.	20%	7	x
4	Where Do You Live?	Léxico: vivenda; inmobiliario; verbos; conectores de secuencia. Gramática: presente simple; like/hate/love +noun/gerund. CE: páxina web sobre vivendas; un artigo. CO: anuncios de radio. EO: describir unha vivenda; compras de artigos. EE: describir rutinas no fogar; describir unha vivenda.	20%	7	x
5	Are You	Léxico: rutinas; actividades do tempo libre; expresións do tempo.	20%	7	x

	Free?	Gramática: adverbios de frecuencia; Wh-words. CE: enquisa; artigo. CO: enquisa; entrevista. EO: falar sobre rotinas; actividades ao tempo libre. EE: describir rotinas; actividades ao tempo libre.			
--	-------	---	--	--	--

Criterios de avaliación	Obxectivo	Cuadrimestre	Instrumento de cualificación
Bloque 4: Comunicación en lingua estranxeira			
CA4.1. Extraer o sentido global e a información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais sinxelos sobre temas cotiáns e de relevancia persoal ou sobre aspectos socioculturais, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes, usando as estratexias básicas máis adecuadas á tarefa.	OBX 6	Módulo 3	Exercicios e probas de comprensión escrita e comprensión oral.
CA4.2. Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal ou sobre aspectos socioculturais, co fin de describir, narrar e informar en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación básicas, e prestando atención á acentuación e á pronuncia.	OBX 7	Módulo 3	Observacións na aula, anotacións no caderno do profesorado, participación na aula (con intervencións en lingua inglesa) e exercicios nos que sexa imprescindible empregar a fala inglesa (presentacións, lecturas en voz alta, etc.) Ademais, proba de expresión oral acompañada de rúbrica.
CA4.3. Redactar e difundir textos sinxelos de extensión media sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal ou sobre aspectos socioculturais con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, aplicando as estratexias básicas máis adecuadas á tarefa, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	OBX 7	Módulo 3	Tarefas de expresión escrita realizadas en cada unidade e proba de expresión escrita. Ditas probas sempre acompañadas de rúbricas.
CA4.4. Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sinxelas sobre temas cotiáns e de relevancia persoal mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital e usando as estratexias básicas adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra e solicitar aclaracións.	OBX 8	Módulo 3	Observacións na aula, anotacións no caderno do profesorado, participación na aula (con intervencións en lingua inglesa) e exercicios nos que sexa imprescindible empregar a fala inglesa (presentacións, lecturas en voz alta, etc.)
CA4.5. Inferir conceptos e explicar comunicacións breves e sinxelas en situacións	OBX 9	Módulo 3	Observacións na aula, anotacións

en que se atende a diversidade, mostrando respecto e empatía polos interlocutores e interlocutoras, así como polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de comprensión apoiándose en diversos recursos e soportes.			no caderno do profesorado, participación na aula (con intervencións en lingua inglesa) e exercicios nos que sexa imprescindible empregar a fala inglesa (presentacións, lecturas en voz alta, etc.)
CA4.6. Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	OBX 4	Módulo 3	Observacións na aula, anotacións no caderno do profesorado, participación na aula (con intervencións en lingua inglesa) e exercicios nos que sexa imprescindible empregar a fala inglesa (presentacións, lecturas en voz alta, etc.)
CA4.7. Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	OBX 4	Módulo 3	Cuestionarios de autoavaliación sobre a aprendizaxe adquirida ao remate de cada unidade didáctica.
CA4.8. Participar activamente en proxectos nos cales se empregan varias linguas relacionados con elementos transversais ou aspectos socioculturais, apreciando e explicando a diversidade lingüística e cultural, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo ou estereotipo.	OBX 5	Módulo 3	Tarefas de expresión oral e comprensión escrita onde analicen aspectos culturais e riqueza lingüística.

Contidos na lingua estranxeira- inglés

- Estratexias e modelos contextuais de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais sinxelos.
- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación e interacción en situacións cotiás.
- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes, expresar a opinión, a posibilidade e a capacidade.
- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, sistema escolar e formación.
- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e significados asociados a eles.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos.
- Respecto á propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. Uso responsable das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Uso de dicionarios e material de consulta en rede. Dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais para a aprendizaxe, a procura de información, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos.
- Estratexias de uso común para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, así como técnicas de aprendizaxe e de compensación das carencias comunicativas. O erro como instrumento de mellora e reparación.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para espertar a curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas, entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a tutoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico, crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais de consulta de elaboración propia
Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua
Manual da editorial (Libro e/ou caderniño do alumnado) Rose, Lauren. (2017) <i>English for Adults Today 1</i> . Burlington Books.
Recursos audiovisuais auténticos
Publicacións dixitais sobre temas de actualidade
Emprego de actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Plataformas virtuais de aprendizaxe

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en *webs* especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza *creative commons*.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos:

1. Dinámicas de cohesión de grupo
2. Proba de comprensión escrita con unha serie de exercicios.
3. Proba de expresión escrita.
4. Presentación oral os primeiros días de clase

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación

Convocatoria ordinaria

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva. A materia de inglés forma parte do Ámbito de Comunicación. As ponderacións para o cálculo da cualificación neste ámbito serán:

Lingua Galega	35%
Lingua Castelá	35%
Lingua Estranxeira-Inglés	30%

Non obstante, no caso de que un alumno ou alumna estea exento na materia de Lingua Galega, as ponderacións para o cálculo da cualificación neste ámbito serán:

Lingua Castelá	50%
Lingua Estranxeira-Inglés	50%

A cualificación cuatrimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. Comprensión oral 10%. Instrumento de avaliación: Proba escrita

2. Comprensión escrita 10%. Instrumento de avaliación: Proba escrita
3. Producción oral 15%. Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.
4. Producción escrita 15%. Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección
5. Use of English 40%. Instrumentos de avaliación: probas escritas
6. Traballo da aula e da casa 10%. Instrumentos de avaliación; rúbricas e guía de corrección e caderno de seguimento do profesor.

-A cualificación final obterase calculando a media ponderada das probas.

-Por norma xeral, realizarase 1 proba por cada unha destas destrezas en cada cuadrimestre.

-No caso de que un alumno/a obteña un 0 en calquera destas probas ou outros traballos, non se fará un redondeo á alza ao introducir a nota no boletín da cualificacións.

-Queda a criterio do docente que imparta en cada grupo a elección do tipo e número de tarefas a pedir en cada cuadrimestre para calcular as notas correspondentes ao traballo de casa e da aula.

-Se un alumno/a falta o día do exame, queda a criterio do docente determinar cando lle fará esa proba.

-Como ben quedou explicado previamente, a materia de inglés forma parte do Ámbito Comunicativo xunto coas materias de Lingua Galega e Lingua Castelá. Polo tanto, a nota do Ámbito Comunicativo é resultado dunha media ponderada das tres materias.

Convocatoria extraordinaria

No caso de que un alumno/a non supere o ámbito mediante a convocatoria ordinaria e teña a materia de inglés suspensa, terá que presentarse aos exames da materia de inglés na convocatoria extraordinaria. Neste caso, as ponderacións para o cálculo da cualificación na materia de inglés serán as seguintes:

1. Comprensión escrita 25%. Instrumento de avaliación: Proba escrita.
2. Producción escrita 25%. Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.
3. Use of English 50%. Instrumentos de avaliación: probas escritas.

Para a elaboración destas probas teranse en conta todos os contidos impartidos durante o cuadrimestre.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado tutor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Traballo colaborativo.
7. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
8. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
9. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD.1	UD.2	UD.3	UD.4	UD.5
ET.1 Comprensión de lectura.	x	x	x	x	x
ET.2 Expresión oral e escrita.	x	x	x	x	x
ET.3 A comunicación audiovisual	x	x	x	x	x
ET.4 A competencia dixital	x	x	x	x	x
ET.5 A educación emocional e en valores		x			x
ET.6 A igualdade de xénero	x				
ET.7 A creatividade	x				x
ET.8 O emprendemento social e empresarial	x		x		
ET.9 O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	x		x	x	x

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

Faranse actividades relacionadas con festas nacionais nos distintos países de fala inglesa:

- Halloween
- Thanksgiving
- Christmas

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
• Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
• Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Metodoloxía empregada
• Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
• Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
• Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
• Fomento e animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.
• Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
• Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas
• Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
• Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
• Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.
Outros
• Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos

propostos, ofrecéndolles pautas para mellorar.
--

Descrición

Profesorado e alumnado, ao termo de cada unidade, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será: Sempre / Ás veces / Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións periódicas os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc.

Ademais, cuadrimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria.

Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través do diario de aula ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.